



PLAN DIXITAL

IES de Arzúa

Versión 1.0 - xuño 2022

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Arzúa está situado no concello do mesmo nome, a 36 km de Santiago de Compostela. Arzúa é na actualidade un importante punto de referencia no camiño de Santiago.

O vila de Arzúa está encadrada na área central de Galiza, ao sur da provincia da Coruña. Nesa dirección linda co concello de Santiso e coa provincia de Pontevedra da que a separa o río Ulla, limitando concretamente co municipio de Vila de Cruces.

Ao norte de Arzúa están os concellos de Frades e Boimorto, con este último fai fronteira tamén polo leste, xunto a Melide, e por poñente fai límite cos municipios de Touro e O Pino.

A superficie do concello é de 158 quilómetros cadrados e, segundo os datos censuais de 2001, a cifra total de habitantes ascende a 6.633 dando lugar a unha densidade de poboación de 43 habitantes por quilómetro cadrado.

O IES de Arzúa atópase nunha contorna rural, cunha poboación escolar pertencente en boa medida a familias dedicadas ao sector agrario (explotacións gandeiras e agrarias extensivas), á hostalería e ao pequeno comercio.

Este concello conta especialmente cunha ampla tradición no desenvolvemento do sector primario, especialmente o gandeiro e a produción de queixo. Abarca unha área eminentemente rural, con fenómenos de despoboamento nos últimos anos, destacable sobre todo nas aldeas do concello.

A pesares dese despoboamento, o concello, e o seu núcleo en particular, acolle importante poboación itinerante, por cruzar un tramo do Camiño de Santiago polo que o sector terciario (hostalería, aluguer de pisos, etc.) estase a incrementar de maneira moi notable. Este feito fai que a poboación teña contacto temporal con peregrinos procedentes de moi diversas áreas xeográficas.

O IES Arzúa queda descrito na rede de centros como un instituto que oferta as seguintes ensinanzas:

- Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Bacharelato.
- Formación Profesional Básica de Agroxardinería e Composicións Florais.
- Formación Profesional Básica de Administración e Xestión.
- Ciclo medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural.
- Ciclo Medio - Producción agroecolóxica (Dual).
- Ciclo superior de Xestión Forestal e do Medio Natural.
- Ciclo superior de Administración e Finanzas.

– Características do alumnado.

Na ESO o IES de Arzúa abastécese basicamente co alumnado do centro adscrito do propio

concello, o CEIP de Arzúa.

No caso das ensinanzas posobrigatorias do Bacharelato a procedencia é, ademais do propio concello, dos concellos contiguos (Boimorto, Touro, O Pino,...),

No caso dos Ciclos, a procedencia é máis heteroxénea, incluíndo toda a provincia.

En xeral, as familias do alumnado amosan boa disposición a colaborar co centro educativo, cando se lles require. Aínda así, non adoitan participar na vida e actividades do centro.

– Descrición das instalacións

As instalacións do centro están divididas entre dous edificios (edificio Principal e edificio da ESO), o taller de agraria, o taller de tecnoloxía, o pavillón, ademais de áreas de lecer, invernadoiros, etc.

Edificio principal. Planta baixa: soportal de entrada, corredor interior cuberto, taller de arte floral, caldeiras, almacén de limpeza, cafetería, conserxería, administración, secretaría e vicedirección, xefatura de estudos, dirección, espazo COVID, despacho de orientación, sala de profesorado, salón de actos, arquivo secretaría, RAC, departamento de Física e Química, Ciencias Naturais e Tecnoloxía, departamento de Francés e Inglés, 2 aseos de profesorado, aseo diversidade funcional, almacén antiga conserxería e ascensor.

Edificio principal. Planta primeira: 4 aulas, aula de Plástica, aula de Debuxo, laboratorio de Ciencias Naturais, aula de Informática I, aula de Informática administrativo, desdobre I, almacén de limpeza, 2 aseos de alumnado, 2 aseos de profesorado e arquivo de secretaría.

Edificio principal. Planta segunda: 7 aulas, aula de Música, aula de Informática II, departamento de Administrativo, departamento de Agraria, aula de informática Agraria, aula desdobres, departamento de Matemáticas, Francés e Debuxo, departamento de Educación Física, FOL, Grego, Latín e Relixión, departamento de Filosofía, Inglés, Música e Xeografía e Historia, 2 aseos de alumnado, almacén limpeza, 2 aseo de profesorado, desdobre II, almacén 2.12 e almacén 2.8.

Edificio ESO: 10 aulas, aula de pedagogía terapéutica, aula de convivencia, local da ANPA, biblioteca, laboratorio de Física e Química, aula informática III, caldeira, departamento de Lingua Galega e Lingua Castelá, 2 aseos do alumnado, 2 aseos do profesorado e un almacén de limpeza.

Tipo de centro:	Instituto de Educación Secundaria
Denominación oficial:	IES Arzúa
Código do centro:	15027733
Provincia:	A Coruña
Enderezo:	Rúa do Castro, s/n
Código postal:	15810
Teléfono:	881866047
Correo electrónico:	ies.arzua@edu.xunta.es
Sitio web:	http://www.edu.xunta.gal/centros/iesarzua/
CIF:	Q-1500348-F

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

A finalidade dun centro educativo é que o alumnado aprenda, se forme e se desenvolva como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna.

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración deste plan estivo a cargo do Equipo de Dinamización do Plan Dixtal, formado por unha profesora e un profesor de matemáticas do centro, xunto co Director do mesmo.

Estes profesores/as son responsables tamén do mantemento da Aula Virtual, que na actualidade é un dos motores da dixitalización do centro.

O Instituto estivo inscrito no Plan de Formación de centros do CAFI, a través dun grupo de traballo para a axuda á elaboración deste Plan. Dito grupo de traballo, de 30 horas de formación, estivo así mesmo dirixido polo mentor de zona para o Plan Dixital.

No primeiro trimestre do curso 2021-22 o profesorado e alumnado do centro, dividido por etapas, participou na enquisa SELFIE¹, elaborada pola Unión Europea para coñecer o grao de Dixitalización do centro.

No segundo trimestre, o profesorado, a través dunha aplicación do CAFI, participou de

¹ SELFIE é unha ferramenta en liña gratuíta que pretende axudar ós centros escolares a propoñerse como utilizan as tecnoloxías dixitais para acadar unha aprendizaxe efectiva e innovadora. Con SELFIE, os centros poden obter unha instantánea do punto no que se atopan en relación co uso das tecnoloxías dixitais, tendo en conta as opinións do profesorado, o alumnado e o equipo directivo.

modo voluntario noutra enquisa Test de Competencia Dixital Docente (CDD) para determinar o seu coñecemento e implicación nas novas tecnoloxías. Os resultados desta enquisa, xunto cos resultados do SELFIE, fixeron posible o análise DAFO (Estudo sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades), do que se recolle un breve resume no apartado 2.3.

Durante o tempo de formación, os membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital participaron en varias videoconferencias, unha para interpretar correctamente o Análise DAFO e os resultados da enquisa SELFIE e poder plasmar así ditos resultados neste Plan, e outra para crear os obxectivos do Plan.

A redacción final desta primeira versión inicial do Plan fíxose durante o mes de maio e xuño de 2022 por parte dos membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

O IES de Arzúa conta cunha páxina web actualizada, onde se poden consultar as actividades, novas do centros, horarios, e por parte do profesorado acceder a unha área privada onde consultar documentos oficiais e de organización. Nos últimos anos sufriu unha transformación importante e actualmente é unha ferramenta para manter actualizada a información a toda a comunidade educativa.

A ferramenta Espazo Abalar está a empregarse moito para intercambiar información coas familias.

Todo o profesorado conta con un curso virtual para cada materia/módulo que imparte, na aula virtual do centro. Se ben non se utiliza pola totalidade, nos dous últimos anos o uso da mesma incrementouse expoñencialmente e todo o alumnado está rexistrado na aula e manéxaa con soltura.

– Infraestrutura dixital:

- Infraestrutura de datos (conectividade a internet). O IES de Arzúa conta cunha boa conexión a Internet e unha boa Intranet. Ademais a rede Wifi cubre a práctica totalidade do centro, a disposición do profesorado e administración, non para alumnado, salvo no caso de ciclos formativos.

Sería importante que esta conexión wifi estivera tamén dispoñible para o resto de alumnado do centro.

- Infraestrutura de voz (telefonía). O centro conta cunha centralita e terminais dispoñibles para os despachos dos cargos directivos, sala de profesorado, Orientación, Biblioteca, administración, sala de atención a familias.
- Especialmente no caso de conexións cableadas e electrónica de rede, a administración valorará a necesidade da realización das ampliacións solicitadas e, de ser o caso, establecerá as condicións de instalación. Estas condicións deberán ser asumidas polos centros educativos como promotores da iniciativa, tendo en conta as indicacións e configuracións técnicas indicadas por AMTEGA segundo o Decreto 11/2016, de 28 de xaneiro, polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións na Administración de Galicia.

– Equipamento

- As aulas de ESO e Bacharelato están dotadas de un Ordenador portátil para uso do profesorado, Encerado dixital e canón (12 aulas dixitalizadas).
- Desde o ano 2010 o centro contou con dotación ABALAR (ordenadores portátiles para cada alumno/a e armario de carga), pero co uso e o fin do programa foi quedando en desuso. Actualmente temos un único armario móbil con 30 ordenadores para uso do alumnado, para 1º e 2º de ESO.
- Tamén hai unha tablet a disposición do profesorado, que se solicita ao eq. Directivo.
- Todas as aulas de ciclos tamén teñen ordenador para uso do profesor e canón.
- Nas aulas do Ciclos Superior de Administración e Finanzas o alumnado tamén dispón de ordenadores, encerado dixital e canón nas dúas aulas (7 terminais en 1º e 17 en 2º, contando o do profesor/a).
- Para o ciclo de FP básica Servizos administrativos existe unha aula compartida entre o 1º e o 2º curso, con 7 ordenadores para alumnado, 1 para o profesorado e canón.
- O centro ten así mesmo tres aulas de informática de uso común a disposición do alumnado, se ben un elevado número de equipos están totalmente desactualizados (algúns deles de máis de 15 anos), ademais de que as propias aulas funcionan case a tempo completo como aulas de materias como Tecnoloxía e TICs e módulos dos ciclos, polo que a dispoñibilidade é case nula.
 - En Informática I, hai 4 servidores para 20 postos para alumnado, mais 1 PC para o profesor/a e encerado dixital e canón.
 - En Informática II, hai 17 PC's para 20 postos destinados a alumnado, mais 1 PC para o profesor/a e canón.
 - En Informática III, hai 4 servidores para 20 postos para alumnado, mais 1 PC para o profesor/a e canón.
- O departamento de Agraria ten tamén unha aula de informática dotada de 22 ordenadores para uso do alumnado, canón e ordenador para o profesorado, tamén obsoleto.
- Os departamentos didácticos contan tamén con ordenador para uso do profesorado, e algún deles dispoñen de equipos multifunción.
- Na sala de profesorado hai 7 ordenadores, tamén desactualizados e en rede coa fotocopidora da Conserxería.
- Na biblioteca, ademais do ordenador para xestión, hai 2 PC para uso do alumnado e tamén equipo para proxección de audio e vídeo.
- O salón de actos conta con un ordenador mercado recentemente e un bo equipo de imaxe e son.
- Todos os cargos do equipo directivo, 4 en total, teñen ordenador e equipos multifunción.
- Así mesmo, hai 2 postos de administración que contan tamén con ordenadores e impresora.
- A maiores do equipamento anterior, o centro dispón de 22 ordenadores para uso do alumnado, para combater a brecha dixital que se puxo de manifesto pola pandemia do COVID19.

– Servizos dixitais educativos

- Contamos tamén cunha páxina web actualizada, onde se poden consultar as actividades, novas do centros, horarios, e por parte do profesorado acceder a unha área privada onde consultar documentos oficiais e de organización. Nos últimos anos sufriu unha transformación importante e actualmente é unha ferramenta para manter actualizada a información a toda a comunidade educativa.
- O equipo directivo xestiona a comunicación co profesorado a través do correo electrónico corporativo. Algún profesorado tamén utiliza este recurso para comunicar co alumnado.
- A ferramenta Espazo Abalar está a empregarse moito para intercambiar información coas familias.
- Todo o profesorado conta con un curso virtual para cada materia/módulo que imparte, na aula virtual do centro. Se ben non se utiliza pola totalidade, nos dous últimos anos o uso da mesma incrementouse exponencialmente e todo o alumnado está rexistrado na aula e manéxase con soltura.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO, o IES de Arzúa baseouse nas dúas aplicacións web postas a disposición da comunidade Educativa, SELFIE e Test CDD.

SELFIE (siglas que en inglés significan «auto-reflexión sobre unha aprendizaxe efectiva mediante o fomento da innovación a través de tecnoloxías educativas innovadoras»), é unha ferramenta en liña gratuíta que pretende axudar aos centros escolares a exporse como utilizan as tecnoloxías dixitais para lograr unha aprendizaxe efectiva e innovadora.

Baseada no marco da Comisión Europea para organizacións educativas dixitalmente competentes (DigCompOrg), SELFIE axuda a poñer de relevo que é o que funciona, en que aspectos necesítase mellorar e cales deberían de ser as prioridades dun centro. Con SELFIE, os centros poden obter unha instantánea do punto no que se atopan en relación co uso das tecnoloxías dixitais, tendo en conta as opinións do profesorado, o alumnado e o equipo directivo.

Este proceso de auto-reflexión pode axudar a abrir un diálogo dentro do centro sobre posibles ámbitos de mellora. SELFIE tamén permite aos centros realizar o seguimento dos avances que logren ao longo do tempo. Esta ferramenta está dispoñible actualmente nas 24 linguas oficiais da Unión Europea, e está previsto que se engadan máis linguas ao longo do tempo.

SELFIE reúne, de forma anónima, as opinións do alumnado, profesorado e equipo directivo sobre o modo en que se utiliza a tecnoloxía no centro. Para iso, utilízanse preguntas e enunciados breves e unha escala simple de valoración. Os enunciados abarcan ámbitos como o liderado, as infraestruturas, a formación do profesorado e as competencias dixitais do alumnado. Sobre a base desta información, a ferramenta xera un informe -unha instantánea («selfie»)- dos puntos fortes e débiles do centro educativo en relación co uso que realiza das tecnoloxías dixitais para a docencia e a aprendizaxe. Cantas máis persoas do centro participen, máis preciso será o SELFIE do seu centro educativo. Ademais, os resultados están destinados unicamente ao seu centro educativo e non se comparten a non ser que cada centro decida facelo.

Estes resultados poden axudar a entender en que punto atópase o centro e, desde aí, iniciar un diálogo sobre o uso das tecnoloxías e desenvolver un plan de acción para o seu centro educativo. Desta forma, o informe de centro SELFIE pódenos ofrecer información sobre puntos fortes e débiles das nosas organizacións educativas con relación á dixitalización destas e como esta dixitalización contribúe a mellorar a aprendizaxe do alumnado.

SELFIE poderá utilizarse máis adiante para avaliar os avances realizados e axustar o plan de acción.

A media das respostas por cada grupo (equipo directivo, profesorado e alumnado) para cada unha das 8 áreas e cada unha das tres etapas educativas que se imparten no centro foron os seguintes:

Resumen das áreas (ESO)

A Liderazgo




B Colaboración y redes



C Infraestructura y equipos



D Desarrollo profesional continuo



E Pedagogía: Apoyos y recursos



F Pedagogía: Implementación en el aula



G Prácticas de evaluación



H Competencias digitales del alumnado



Resumen das áreas (BAC)

A Liderazgo




B Colaboración y redes



C Infraestructura y equipos



D Desarrollo profesional continuo



E Pedagogía: Apoyos y recursos



F Pedagogía: Implementación en el aula



G Prácticas de evaluación



H Competencias digitales del alumnado



Resumen das áreas (FP)

A Liderazgo



B Colaboración y redes



C Infraestructura y equipos



D Desarrollo profesional continuo



E Pedagogía: Apoyos y recursos



F Pedagogía: Implementación en el aula



G Prácticas de evaluación



H Competencias digitales del alumnado



Test CDD. O Test de Competencia Dixital Docente (CDD) foi cuberto, de modo voluntario, polo profesorado do centro, acadando unha participación do 71'2% de media globalmente, e que podemos desglosar na seguinte táboa:

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
Definitivo	22	31	71%
Interino	7	8	87,5%
Outros	0	1	0%
Provisional	11	14	78,6%
Substituto	2	5	40%

Os resultados do mesmo pódense resumir nas seguintes táboas:

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CENTRO	72,2	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

A puntuación media no TestCDD do seu centro foi de 72,2 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1).

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
CF	67,4	Integrador/a (B1)	80,2	Integrador/a (B1)
ESO	74,9	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)
BACH	83	Integrador/a (B1)	78,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	1	2,4%
Explorador/a (A2)	17	40,5%
Integrador/a (B1)	15	35,7%
Experto/a (B2)	8	19%
Líder (C1)	1	2,4%
TOTAL	42	100 %

Todos estes resultados deben valorarse con cautela, xa que a maioría dos participantes recoñecían que en moitas das preguntas non sabían ben que responder, xa que había diferencias mínimas entre as categorías das posibles respostas.

2.3. Análise DAFO

Grazas á detección da fotografía do centro realizada a través da ferramenta SELFIE, que nos proporciona un informe da situación, o Test CDD que valoraría a competencia dixital do profesorado, e outras fontes internas do coñecemento do centro, estaríamos preparados para realizar a análise DAFO.

DAFO é unha ferramenta de análise que estuda as características internas (debilidades e fortalezas) e externas (ameazas e oportunidades). Esta análise ha de realizarse coa maior claridade e sinceridade posible, expoñendo a realidade específica e actual do centro. Algúns comentarios que poderían xurdir desta análise:

- Escaseza de infraestruturas tecnolóxicas.
- Diferenzas notables en termos de competencia dixital docente e do alumnado.
- Reticencia á actualización de metodoloxías por parte do profesorado.
- Actitude favorable cara ao uso das tecnoloxías como medio de mellora do proceso de ensino- aprendizaxe.
- Oferta ampla de desenvolvemento profesional no uso das tecnoloxías educativas.
- Traballo colaborativo a través das tecnoloxías para enriquecer o proceso de ensino- aprendizaxe.

		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Boa conexión a internet (C3) Hai unha dotación axeitada de dispositivos dixitais para o seu uso No ensino (C2)	O equipamento é obsoleto
	PERSOAL DOCENTE	O centro apoia ao profesorado para que explore novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais (A3) O profesorado ten acceso a actividades para o seu desenvolvemento profesional continuo no relativo ao ensino-aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (D2) O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo (E4)	No centro non existe un debate sobre as vantaxes e desvantaxes da ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (B2) O profesorado non fomenta suficientemente a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares empregando as tecnoloxías dixitais (F6) Non se utilizan instrumentos dixitais variados para a avaliación por competencias (G6)
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	O profesorado busca recursos educativos dixitais en liña (E1) O alumnado do centro aprende a actuar de xeito responsable en Internet (H3)	Escasa creación de contidos dixitais por parte do alumnado (H7)
	FAMILIAS	As familias reciben información inmediata a través do Abalar Móbil	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	Dotación orzamentaria do centro para o mantemento de dispositivos dixitais	Non hai estratexia dixital no centro (A1) O noso centro non conta cun sistema de protección de datos (C7)

		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Posible participación no proxecto EDIXGAL a curto prazo.	Excesiva burocracia (F) Indicacións contradixtorias sobre as estratexias de formación e pedagóxicas do profesorado (D-E-F)
	LEXISLACIÓN	Oferta de ferramentas oficiais da XUNTA para cumprir coa Lei de protección de datos	Uso de plataformas externas á Xunta nas que se vulnera a Lei de protección de datos. Cambios legislativos constantes (A-D-F-G)
	ANPA		
	CONTORNA		As zonas rurais onde reside o alumnado non sempre conta con boa conexión. As familias non sempre contan con equipamento dixital suficiente
	OUTRAS ENTIDADES		Non existe cultura de traballo colaborativo en rede coas empresas colaboradoras (B3)

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos

A continuación, imos detallar a relación de accións a implementar en cada área para alcanzar os obxectivos, seguindo o modelo e as indicacións que se nos deron por parte da administración educativa. Inclúense tanto a descrición detallada das accións, como os recursos necesarios, persoas implicadas, responsables e temporalización.

Na medida en que o traballo sexa realmente froito dunha colaboración, o resultado final será un instrumento máis realista, viable e asumible por toda a comunidade educativa.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)					
OBXECTIVO 1: (1)	AUMENTAR A COMPETENCIA DIXITAL DO PROFESORADO DO CENTRO (D2)				Acadado
Responsable:	EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número DE PROFESORES/AS QUE PARTICIPAN NO PLAN DE FORMACIÓN				
Valor de partida: (3)	0 PROFESORES INSCRITOS NOS PROGRAMAS DE FORMACIÓN				
Valor previsto e data: (4)	15 PROFESORES INSCRITOS NOS DISTINTOS PROGRAMAS			CURSO 2022-2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO1.1: Solicitude dunha liña do PFPP sobre uso e mantemento das aulas virtuais do centro.	Equipo directivo	Setembro/ Outubro 2022	Solicitude de inscricción nos plans de formación		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.2: Realización de cursos do CAFI/PLATEGA/Cursos Homologados relacionados coa Competencia Dixital	Profesorado	21/06/2023	Ordenadores con conexión a internet		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO1.3: Oferta interna de Formación dixital. Compartir a formación dixital do profesorado. (Formación entre iguais)	Profesorado	21/06/2023	Ordenadores con conexión a internet e kits dixitais		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)					
OBXECTIVO 2: (1)	AUMENTAR A COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO DO CENTRO (H7)				Acadado
Responsable:	EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DO PLAN DIXITAL				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº DE ALUMNOS/AS QUE PARTICIPAN NA FORMACIÓN DO CENTRO				
Valor de partida: (3)	0 ALUMNOS/AS INTERESADOS EN AUMENTAR A SÚA FORMACIÓN DIXITAL				
Valor previsto e data: (4)	50 ALUMNOS/AS INTERESADOS EN AUMENTAR A SÚA FORMACIÓN DIXITAL			FINAL DE CURSO	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1: Ofertar sesións de formación fóra do horario lectivo para crear contidos dixitais	Profesorado voluntario	21/06/2023	Ordenadores, software e conexión a internet.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Fomentar a avaliación e a entrega de traballos a través da AV, coas ferramentas coas que conta a aula	Profesorado	21/06/2023	Aula Virtual do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURA E EQUIPOS (C)					
OBXECTIVO 3: (1)	AUMENTAR O EQUIPAMENTO INFORMÁTICO DO CENTRO (C2 e C8)				Acadado
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	N.º DE EQUIPOS QUE SE RENOVAN NO CENTRO				
Valor de partida: (3)	0 EQUIPOS RENOVADOS				
Valor previsto e data: (4)	10 EQUIPOS RENOVADOS			3º TRIMESTRE	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1: Solicitude de renovación de equipos informáticos para unha das aulas de informática	Equipo directivo	Setembro/ Outubro 2022	Solicitude de equipos a AMTEGA		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2: Solicitude da instalacións de kits en todas as aulas de clase do centro	Profesorado	Setembro/ Outubro 2022	Solicitude de KITS a AMTEGA		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.3: Solicitude de participación no programa EDIXGAL no curso 2023-24	Equipo Directivo	Na convocatoria oficial	Solicitude		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos (C)							
OBXECTIVO 4: (1)	Actualizar parte dos equipos máis obsoletos do centro (C8)					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinación TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de equipos renovados						
Valor de partida: (3)	0 equipos renovados						
Valor previsto e data: (4)	5 equipos renovados						
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO4.1: Elaboración dun inventario dos equipos máis obsoletos qu que teñen un peor funcionamento.	Coordinación TIC	1º trimestre	Ordenador		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Solicitude de presuposto en función dos equipos que se prevén cambiar.	Equipo directivo e coordinación TIC	1º trimestre	Ordenador con conexión a internet e teléfono		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Adquisición e instalación dos equipos que máis urxen.	Equipo directivo	21/06/2023	Presuposto do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro precisa renovar os ordenadores das aulas de informáticas, que neste momento son os máis antigos do centro. Para tal fin, solicitará á Consellería de Educación, a través da Unidade de atención a centros (UAC), 20 equipos.

Tamén é necesario cambiar todo o equipamento informático da aula de informática de Agraria, xa que na actualidade conta cos equipos máis obsoletos. Neste caso, os ordenadores solicitaranse a través da Dirección Xeral de Formación Profesional.

Para o curso 2023-2024 é intención do centro entrar no plan E-dixgal para introducir ao alumnado nun sistema de formación máis dixitalizado.

Tamén se ten solicitado á Consellería de educación unha aula Maker. O obxectivo do proxecto é crear no noso centro un Polo creativo, un espazo para o fomento da creatividade e a formación do alumnado nun contexto de aprendizaxe activa e manipulativa baseada na comunicación, na creación artística, no deseño, na solución de retos e na aprendizaxe entre iguais.

Para acadar este obxectivo a proposta do IES de Arzúa é a de dotar un aula situada nun espazo central dun dos dous edificios principais do centro co material necesario para crear un espazo Maker. Esta aula Maker estará a disposición da comunidade educativa do IES de Arzúa, especialmente do alumnado.

No programa de polos creativos están implicados varios departamentos do centro que imparten materias nos cursos da ESO, Bacharelato e ciclos formativos de Agraria e Administrativo. A dotación de material solicitada para a aula inclúe mobiliario, material audiovisual, fotografía e realidade virtual, material de electrónica e robótica, material de Tecnoloxía (varios tipos de ferramentas), material de fabricación, construción e téxtil e material de informática.

4. Avaliación do PD

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Preferentemente cada mes, e en todo caso, ao menos unha vez ao trimestre, farase un seguimento das accións previstas para alcanzar os obxectivos marcados.

Ao final do curso 2022/2023, valorarase o grao de consecución dos obxectivos. Para iso imos empregar unha sinxela enquisa interna no centro para poder comprobar a competencia dixital tanto do profesorado coma do alumnado é axeitada, así como comprobaremos o número de equipos renovados durante o curso.

Actualmente descoñécese se o test SELFIE e o test CDD se repetirán no vindeiro curso, pero de ser así, aproveitaranse os resultados para comprobar se a competencia dixital da comunidade educativa do centro mellorou coas novas medidas adoptadas.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Dos resultados obtidos no seguimento e avaliación do plan, poderanse propoñer modificacións nas accións inicialmente previstas, tanto a realizar no curso 2022/2023, coma no curso seguinte 2023/2024. Recolleranse os aspectos negativos e os positivos, así como as propostas de mellora que deberán ser tidas en conta para a revisión do plan dixital do centro.

5. **Difusión do PD**

A difusión do plan dixital, así como das accións que se están a desenvolver, será responsabilidade do equipo de traballo do Plan Dixital. Os medios que se empregarán serán os seguintes:

- PÁXINA WEB DO CENTRO
- AULAS VIRTUAIS DO CENTRO
- ESPAZO ABALAR
- REDES SOCIAIS DO IES DE ARZÚA (facebook e Instagram)

A través destas diferentes vías daranse a coñecer as actividades realizadas e fomentarse a participación da comunidade educativa para recoller propostas que poidan ser de interese.